

ADAPTACIÓN

DA

PROGRAMACIÓN

CURSO 2019/2020

5º CURSO DE E.P.

CEIP PLURILINGÜE OS TILOS

ÍNDICE

- 1- Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxes
- 2- Medidas e atención a diversidade.
- 3-Avaliación e cualificación
- 4-Metodoloxía e actividades do terceiro trimestre.
- 5-Información e publicidade.

1-CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|
| 1-Utilizar as estratexias de control do proceso lector (anticipación do significado, formulación de hipóteses, uso do dicionario). | 1.1.Utiliza o título e as ilustracións para activar coñecementos previos sobre o tema, axudándose deles para acceder máis doadamente ao contido dun texto. dentifica as palabras clave dun texto. |
| 2-Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información. | 2.1.Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información. |
| 3-Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, con coherencia, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, a orde e a presentación. | 3.1.Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá e do ámbito social e escolar, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos): diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas... Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza. |
| 4-Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas. | 4.1.Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel nos seus textos escritos. |
| 5-Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións. | 5.1.Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar e ilustrar os textos, buscar información, crear táboas e gráficas |
| 6-Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais. | 6.1.Crea sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados. |

LINGUA GALEGA

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|--|
| 1-Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e iniciar a realización de inferencias para determinar intencións e dotes sentidos bastante evidentes. | <p>1.1 Identifica as ideas principais e secundarias dun texto.</p> <p>1.2. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.</p> |
| 2-Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto sinxelo. | 2.1. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto sinxelo adecuado á súa idade. |
| 3-Analizar textos sinxelos escritos en diferentes variedades da lingua galega. | <p>3.1. Realiza o resumo dun texto sinxelo.</p> <p>3.2. Valora a variedade interna da lingua como símbolo de riqueza lingüística e cultural, así como o estándar como variante unificadora.</p> |
| 4-Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto. | <p>4.1. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesionando, de maneira xeral, os enunciados.</p> <p>4.2. Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signo de exclamación e interrogación).</p> <p>4.3. Escribe e presenta textos propios elaborando borradores.</p> |
| 5-Elaborar textos breves e sinxelos con creatividade. | 5.1. Escribe textos sinxelos de carácter creativo. |
| 6-Usar as TIC, con certa autonomía, para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións. | 6.1. Busca e selecciona información en diferentes fontes e soportes dixitais. |
| 7-Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación. | 7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado... en calquera soporte. |

MATEMÁTICAS

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|
| 1-Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas). | 1.1.Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. |
| 2-Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. | 2.1.Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes. 2.2.Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima. 2.3.Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións. |
| 3-Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado. | 3.1.Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número 3.2.Realiza operacións con números decimais. |
| 4-Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá. | 4.1.Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás. 4.2.Descompón de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras. 4.3.Identifica múltiplos e divisores empregando as táboas de multiplicar. 4.4.Calcula os primeiros múltiplos dun número dado. 4.5.Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100. |
| 5-identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o | 5.1.Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), |

| | |
|--|---|
| proceso aplicado para a resolución de problemas. | creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso. |
| 6-Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade e masa facendo previsións razoables. | 6.1.Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida. |
| 7-Operar con diferentes medidas. | 7.1.Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa e superficie en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán. 7.2.Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa. 7.3.Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude. |

CIENCIAS SOCIAIS

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|--|---|
| 1. Realizar un traballo de investigación que supoña busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultado. | 1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, organízaa, analízaa, obtén conclusións sinxelas e comunícaas oralmente e/ou por escrito. |
| 2. Coñecer e utilizar as palabras claves e os conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre as Ciencias Sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidas en textos de carácter social, xeográfico ou histórico. | 2.1. Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre as Ciencias Sociais. 2.2. Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e da comunicación |
| 3. Explicar a importancia que ten a Constitución para o funcionamento do Estado español, así como os dereitos, deberes e liberdades recollidos nesta. | 3.1. Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español. |
| 4. Describir a organización territorial do Estado español así como os órganos de goberno. | 4.1. Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman |

| | |
|--|---|
| | España, así como as súas provincias. |
| 5. Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas. | 5.1. Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural. |
| 6. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución. | 6.1. Identifica as características distintivas das culturas que conviviron nos reinos peninsulares durante a Idade Media describindo a evolución política e os distintos modelos sociais. |
| 7. Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar. | 7.1. Aprecia a herdanza cultural a escala local e nacional como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar. |

CIENCIAS NATURAIS

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|--|
| 1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directas e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes. | 1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes. 1.2. Expresa por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos. 1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc.). 1.4. Efectúa búsquedas guiadas de información na rede. 1.5. Coñece e aplica estratexias de |
| 2. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles. | 2.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano. 2.2. Identifica as principais características dos sistemas e aparatos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións. |
| 3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando | 3.1. Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e presenta |

| | |
|---|--|
| estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida. | conclusións en diversos soportes. 3.2.Coñece os principios das dietas equilibradas e elabora menús variados identificando as prácticas saudables. |
| 4. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos. | 4.1.Clasifica os seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino. Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos. 4.2. Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas. |

VALORES

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|--|--|
| 1-Valorar o uso responsable das fontes de enerxía no planeta concienciándose do respecto ao contorno e desenvolvendo a capacidade crítica cara aos acontecementos que o modifican. | 1.1.Investiga os efectos do abuso de determinadas fontes de enerxía 1.2.Realiza traballos creativos sobre a necesidade do aire non contaminado para a saúde e a calidade de vida. |
| 2-Analizar criticamente a influencia da publicidade sobre o consumo empregando as novas tecnoloxías. | 2.1.Realiza análise de información dixital sobre as razóns polas que as persoas senten a necesidade de consumir ao ver un anuncio publicitario. |
| 3-Investigar sobre a prevención de pandemias xerando iniciativas e alternativas persoais. | 3.1.Desenvolve proxectos relacionados coas principais causas das pandemias sobre as que se informa en diferentes medios de comunicación. 3.2.Reflexiona sobre o modo no que se poderían evitar as enfermidades e expón por escrito as súas conclusións. |
| 4-Coñecer e expresar as notas características da convivencia democrática e a importancia dos valores cívicos na sociedade democrática realizando razoamentos críticos. | 4.1.Argumenta a importancia dos valores cívicos na sociedade democrática. |
| 5-Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando de forma coordinada a linguaxe verbal e non verbal. | 5.1.Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, para expresar con coherencia opinión, sentimentos e emocións. |

METODOLOXÍA: a través das actividades desenvolvidas neste 3º trimestre, propóñense aprendizaxes relativas á dignidade persoal, ao respecto aos demais e aos valores sociais na convivencia . O propósito é que cada alumno-a adquiera as competencias necesarias para construír un autoconcepto axustado e unha boa autoestima, para tomar iniciativas responsables e vivir con dignidade.

ACTIVIDADES: Proxectos traballo: *As pandemias: causas e consecuencias.

*O consumo e a publicidade.

2-MEDIDAS E ATENCIÓN A DIVERSIDADE

- ✓ Contacto telefónico e/ou vía correo-e coas familias e o alumnado.
- ✓ Apoio emocional ás familias e ao alumnado.
- ✓ Establecemento de vínculos de colaboración entre familias e centro educativo.

3- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

| | |
|---------------------|---|
| AVALIACIÓN | PROCEDEMENTOS: seguimento e revisión das actividades propostas e entregadas. INSTRUMENTOS: rexistro e anotacións das actividades entregadas. |
| CUALIFICACIÓN FINAL | A cualificación do 3º trimestre terá en conta o resultado da nota media obtida na 1ª e 2ª avaliacións máis a valoración ao alza contemplando as actividades realizadas no 3º Trimestre. A nota final será a mesma cá do 3º. Trimestre. |

4- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

(Recuperación, repaso , e no seu caso ampliación)

| | |
|--|---|
| Actividades | As actividades móstranse na plataforma EDIXGAL |
| Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade) | - Presentación das actividades con descrición clara das mesmas. - Reenvío das actividades realizadas por parte do alumnado e revisión das mesmas con anotacións. - Utilización do correo-e para presentación das actividades, consultas e aclarar dúbidas de forma xeral ou individualizada. - En caso necesario a través de chamada telefónica. |
| Materiais e recursos | - Utilización de vídeos. - Xogos interactivos - Documentos de Libreoffice con propostas de actividades. |

5- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

| | |
|---------------------------------------|--|
| Información ao alumnado e as familias | A información ao alumnado e as familias faise a través da mensaxería da plataforma EDIXGAL de forma continuada cando necesitan aclarar dúbidas ou telefonicamente ás alumnas e alumnos e as familias que así o precisan. |
| Materiais e recursos | <input type="checkbox"/> Publicación na páxina web. do centro. |